[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **17 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Deza Martínez
(Vicepresidenta, en funcións de presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
(Vicepresidente en funcións)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Enrique Barreiro Sánchez
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Miguel Ángel Viso Diéguez)
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta en funcións abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

O secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 3738 (12/PNC-000472)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento das súas obrigas no exercicio das competencias en materia de seguridade industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de substitución (doc. núm. 17567), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A esta proposta non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (BNG), e a señora Iglesias Rey, Patricia (S),** para amosar o apoio dos seus respectivos grupos parlamentarios a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda fai uso da palabra o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** quen, tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo propoñente e criticar o feito de referirse a Galicia como Galiza, como aparece na iniciativa, xustifica o apoio do seu grupo parlamentario a esta proposta.

Na rolda de puntualizacións o **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG),** logo de amosar diversas consideracións sobre a intervención do voceiro do grupo maioritario, agradece o apoio amosado polos tres grupos parlamentarios.

1.2 5818 (12/PNC-000698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desenvolva obras para dotar o polígono industrial das Gándaras, en Lugo, dunha mellor conectividade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 17553), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Méndez López, Lara (S)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se expoñen por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Valcarcel Armesto, Montserrat (BNG)**, -*o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen, logo de felicitar o ano a todos os presentes, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Méndez López, Lara (S)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención da voceira do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

1.3 6220 (12/PNC-000750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 4 máis
Sobre a demanda dirixida polo Parlamento galego á Xunta de Galicia co obxecto de que esta impulse unha nova lei de turismo de Galicia
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** que comeza a súa intervención argumentando a validez linguística tanto na utilización de Galicia coma de Galiza, pasando a continuación a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** quen, tras defender a lexitimidade da utilización do termo Galiza expón as razóns polas que vai apoiar esta proposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda a **señora Méndez López, Lara (S)**, tras expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

A continuación intervén polo **G.P. Popular de Galicia o señor Verea Fraiz**, quen, logo de expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións destaca o traballo que dende a Xunta de Galicia se está a realizar neste eido.

Na rolda de puntualizacións o **señor Pérez López, José Daniel (BNG**), incide na importancia desta iniciativa, polo que agradece o apoio dos grupos da oposición e critica a intervención do voceiro do G.P. Popular de Galicia.

1.4 12896 (12/PNC-001218)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha en Ferrol do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento comprometido polo expresidente Núñez Feijóo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17560), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** procede á defensa da emenda de adición presentada polo seu grupo, que considerar complementa a devandita proposta, polo que se amosa aberto a unha posible transacción.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante, intervén o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P),** *-o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma-* quen, despois facer extensiva a súa felicitación polo novo ano, explica as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposición non de lei.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polos voceiros que a precederon no uso da palabra, agradecer o apoio amosado e argumenta as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.5 14919 (12/PNC-001459)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 7 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17616), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación o **señor Verea Fraiz, Borja (P)**, expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Méndez López, Lara (S),** refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda e, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, anuncia o apoio á mesma.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, tanto o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** como o **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** tras expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos parlamentarios.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Verea Fraiz, Borja (P**), logo de agradecer o apoio amosado por todos os grupos parlamentarios, argumenta as razóns polas que vai acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.6 15649 (12/PNC-001528)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a esixencia dun compromiso por parte da Xunta de Galicia, así como o seu traslado ao Goberno central, respecto de medidas que favorezan ao binomio industria e enerxía xerada nos territorios, en particular as que esixan aos promotores dos proxectos vender unha parte da enerxía xerada ás empresas da contorna
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 135, do 02.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17592), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversas dúbidas a respecto da proposta defendida.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendante, intervén o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** *-o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma-* quen, logo de matizar as argumentacións expostas polo propoñente, xustifica o rexeitamento do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P)**, tras incidir na importancia desta iniciativa e matizar as intervencións da/o voceira/o que o precederon no uso da palabra, propón unha transacción, consistente en incluír no texto da iniciativa *"aquelas outras que beneficien a veciñanza e aos concellos galegos nos territorios onde se situarán os proxectos enerxéticos"*. Transacción que a señora Iglesias Rey non acepta.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 3738 (12/PNC-000472), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación a autoemenda (doc. núm. 17567), que resulta **aprobada pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a exercer as súas competencias e obrigas en materia de seguridade industrial, a comezar por presentar o preceptivo informe bianual.»

1.2 5818 (12/PNC-000698), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.3 6220 (12/PNC-000750), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.4 12896 (12/PNC-001218), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 16
Votos en contra: 0
Abstencións: 1

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar inmediatamente a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o expresidente Feijóo.»

1.5 14919 (12/PNC-001459), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 17616), da que son coñecedores os grupos, que resulta **aprobada pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que habilite, mediante os procedementos que resulten necesarios, que as empresas que desexen patrocinar actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027 o poidan facer a partir do 1 de xaneiro de 2025.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Deseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.

b) Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.

c) Que o acceso aos distintos eventos sexa en igualdade de condicións.»

1.6 15649 (12/PNC-001528), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 9
Votos en contra: 7
Abstencións: 1

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comprometerse con todas aquelas medidas favorables ao binomio industria e enerxía xerada nos territorios e, en particular, con todas aquelas que exixan aos promotores dos proxectos vender una parte da enerxía xerada ás empresas da contorna. Igualmente, o Goberno galego trasladará esta mesma demanda ao Goberno de España.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

María Deza Martínez

Firmado digitalmente por María Deza Martínez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Deza Martínez, email=maria.deza.martinez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 13:00:06 +01'00'

V.º B.º:
María Deza Martínez
Presidenta e/ funcións da Comisión

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2025.03.24 10:37:29 +01'00'